



Newsletter N. 4

Xullo 2019

Resumo

1. A Junta de Castilla y León adxudica as actuacións LIFE de mellora e ampliación do hábitat dos teixadais na montaña central de León

2

2. Finalizan as actuacións selvícolas de mellora do hábitat 9580 * en Galicia

6

3. Resultados da caracterización dos "Bosques mediterráneos de *Taxus baccata* (9580*)" da Cordilleira Cantábrica en Galicia

10

4. Finalización dos traballos de recollida, almacenamento e cultivo de especies características do hábitat 9580* en Galicia

16

5. Avanzan as obras de mellora do hábitat dos teixadais cantábricos en Burgos

19

6. Visita anual do equipo de seguimento de NEEMO

21

www.life-baccata.eu

SOCIOS



LIFE15 NAT/ES/000790



ADMINISTRACIONES COLABORADORAS



1. A Junta de Castilla y León adxudica as actuacións LIFE de mellora e ampliación do hábitat dos teixadais na montaña central de León

18 xullo 2019

A Junta de Castilla y León acaba de adxudicar as obras de **"Accións de mellora e protección no marco do proxecto LIFE 15 NAT/ES/790 para a conservación e restauración dos bosques mediterráneos de *Taxus baccata* (9580*) nas montañas cantábricas na montaña central da provincia de León"** á empresa Eural por un importe de 29.144,06 € cun prazo de execución de 8 meses entre os anos 2019 e 2020.

Estes traballos van mellorar e ampliar o hábitat asociado aos teixos nesta Zona Especial de Conservación (ZEC) da montaña leonesa grazas ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

Regular a competencia espacial puntual que exerce a faia (*Fagus sylvatica*) sobre os pés de teixo existentes, mediante a eliminación dos pés codominantes e/ou dominantes desta especie que impiden a entrada de luz ao estrato inferior do dosel.

Realizar unha posta en luz paulatina que permita a instalación de especies acompañantes que diversifique a formación vexetal.

Incrementar espacialmente o hábitat de interese comunitario (HIC) do teixo (9580*) implantando plántulas das especies propias do elenco deste hábitat.

Restrinxir o acceso aos herbívoros para incrementar a rexeneración natural do teixo.

Fortalecer as poboacións de teixo existentes mediante a plantación de novos pés.

Protexer este HIC de ameazas como os incendios adecuando a carga de combustible no perímetro dos rodais.

Newsletter N. 4

Xullo 2019



Eliminación de
codominantes



A importancia de actuar nesta zona quedou manifesta a partir do estudo de caracterización que se fixo do HIC "Bosques mediterráneos de *Taxus baccata* (9580*)" da Cordilleira Cantábrica en Castilla e León. Segundo este estudo, a ZEC Montaña Central de León, no aveseado da Serra do Mediodía e Faial de Bodón, así como no resto de macizos do ámbito, presentan un grande potencial para a recuperación deste hábitat, se ben existe unha forte competencia que exercen a faia e a herbivoría.

En pleno corazón desta ZEC destaca o rodal denominado Bodón, incluído no Monte de Utilidade Pública Nº 641 "La Cota y Bodón" e pertencente á entidade local menor de Pontedo no municipio de Cármenes. Este serve de ponte para a conexión das poboacións orientais e occidentais da Cordilleira nesta provincia, razón pola cal se decidiu realizar unha boa parte das accións de conservación nesta paraxe.

Desta forma, co obxecto de conseguir os anteriores obxectivos, vanse executar as seguintes accións no devandito rodal:

Tratamientos selvícolas:

Inicialmente realizárase un rareo xeral, unicamente sobre as faias, en 16,86 ha do rodal para permitir unha maior entrada de luz sobre os estratos inferiores do dosel arbóreo. Elimínanse os brotes con pouco porvir, as árbores mortas e con sinais de enfermidades, así como os pés dominados, ata lograr a espesura desexada. Co obxecto de fomentar os nichos ecolóxicos, en caso de atopar pés maiores mortos ou con ocos, respectáranse, xa que son refuxio e fonte de biodiversidade.

Posteriormente, levarase a cabo unha actuación máis específica de posta en luz dos pés de teixo, eliminando os pés maiores de faia que exerzan unha competencia excesiva. Deste xeito lográrase no conxunto do rodal unha matriz suficientemente densa que poida exercer suficiente cobertura, pero con ocos internos suficientemente grandes para soste a viabilidade dos estratos inferiores.

Finalmente, os restos xerados polo tratamento tronzáranse e distribuíranse polo chan, co fin de protexer o rexenerado.



Xullo 2019 Newsletter N. 4

Clara mixta puntual.

Repoboacións:

Formúlanse dous tipos de repoboacións: de conectividade no ámbito do rodal, e de enriquecemento no seu interior.

A repoboación de conectividade realizarase nunha superficie de 6,71 ha cunha densidade de 1.100 pés/ha (marco de 3 × 3 m); permitirá a extensión do teixo e outras especies do elenco en direccións opostas ao propio rodal, favorecendo así a conectividade con outros rodaís próximos. Empregarase unha mestura específica composta por teixo (*Taxus baccata*), piñeiro silvestre cantábrico (*Pinus sylvestris*), bidueira (*Betula pubescens*), carnabudo (*Sorbus aucuparia*), abruñeiro (*Prunus spinosa*) e abeleira (*Corylus avellana*).

A de enriquecemento levarase a cabo nunha superficie de 0,09 ha pero cunha densidade maior de 1.600 pés/ha, baixo masas homoxéneas e con moi pouca diversidade florística. Neste caso, a mestura de especies incluírá teixo, bidueira e carnabudo.

As plántulas proceden do viveiro central de Valladolid e contan con certificado de orixe. No caso do teixo, ademais, experimentouse con aviveirado en León a partir de rexenerado en monte e empregáronse tamén traslocacións directas. Esta última técnica xa foi probada no ámbito de Pagoeta no marco deste LIFE, e vaise empregar tamén agora nesta zona de León.



Xullo 2019

Newsletter N. 4

Clara mixta puntual.



Cerramentos:

Dado que a rexeneración do teixo se atopa comprometida pola herbivoría, pecharase unha pequena superficie mediante malla cinxética para protexer as plántulas do gando doméstico e salvaxe..

Defensa fronte a ameazas:

Crearase unha franxa de seguridade de 10 m en determinadas franxas arredor do rodal arborado, rozando a matogueira de especies pirófitas (*Erica*, *Cytisus*, *Genista*, *Rubus Rosa* y *Chamaespartium*) e respectando as especies arbóreas existentes.

Ademais, rozaranse os bordes dos camiños que cruzan o rodal e o seu ámbito, mediante combinación de medios manuais e mecánicos, pero sen uso de tractores nin outro tipo de maquinaria que puidese ensanchar a caixa orixinal, nin alterar o estado estrutural do firme.



2. Finalizan as actuacións selvícolas de mellora do hábitat 9580 * en Galicia

18 xullo 2019

O proxecto LIFE BACCATA está cofinanciado pola Comisión Europea no marco da **Convocatoria LIFE** e desenvólvese entre 2016 e 2020 en quince lugares da Rede Natura 2000 da Cordilleira Cantábrica, pertencentes a Galicia, Castilla y León, e Euskadi, coa finalidade de mellorar o estado de conservación dos bosques de teixo (9580*). Participa como coordinador do proxecto o **IBADER da Universidade de Santiago de Compostela** e como socios a **Junta de Castilla y León, CESEFOR, Fundación HAZI e Grupo TRAGSA**.

Entre as distintas actuacións do proxecto, a Acción C2 consiste no desenvolvemento de actuacións selvícolas orientadas á eliminación das presións e ameazas sobre o estado de conservación do hábitat 9580*, mediante o aumento da súa área de ocupación e a mellora da súa estrutura e funcionalidade. Dentro do territorio galego, esta acción comprendeu unha superficie de 15 ha dentro da ZEC Os Ancares - O Courel (ES1120001), na que se realizou a eliminación dunha antiga plantación monoespecífica de *Pinus sylvestris*. A actuación de obra foi executada por TRAGSA, en colaboración con IBADER, que realizou a asesoría científico-técnica dos traballos, velando porque non se afecte o estado de conservación dos elementos clave da biodiversidade. A superficie onde se executou esta acción queda preparada para o desenvolvemento da Acción C3, na que se realizará unha plantación con especies características do hábitat 9580*, de acordo ao **Manual de Hábitats de Galicia**, coa finalidade de alcanzar a súa restauración.

Newsletter N. 4

Xullo 2019



A titularidade dos terreos onde se executa a actuación é un Monte Veciñal en Man Común (MVMC) da comunidade de veciños de Riocereixa (Pedrafita do Cebreiro, Lugo). Esta comunidade expresou o seu apoio ao proxecto, asinando un convenio de colaboración coa **Universidade de Santiago de Compostela** como responsable do desenvolvemento das actuacións os seus predios. A complicitade e participación do MVMC é un grande valor engadido para o proxecto, posto que actuaron como axentes crave ao considerar que o desenvolvemento de LIFE BACCATA nos seus predios é positivo e mellora o estado de conservación das súas propiedades.

Ao executarse nun espazo Natura 2000 (ZEC Os Ancares - O Courel, ES1120001), a actuación non soamente foi sometida a autorización do organismo competente en materia de xestión de montes, senón tamén do competente en materia de conservación da natureza e xestión de espazos protexidos. Deste modo, non existiron conflitos entre ambos os dous ámbitos de xestión: ao contrario, as labores selvícolas foron autorizadas polo primeiro, mentres que o segundo autorizou igualmente a actuación entendido que as tarefas do proxecto están encamiñadas a alcanzar un estado de conservación favorable do hábitat 9580*, e polo tanto contribúen ao cumprimento dos obxectivos da súa propia política sectorial.

Tamén foron consultados o organismo competente en materia de patrimonio cultural, e o organismo de cunca, resultando en ambos os dous casos que non era necesario tramitar ningunha solicitude de autorización a estes organismos, posto que non se afectaba a ningún dos valores a preservar por ambas as dúas entidades.



Newsletter N. 4

Xullo 2019

O MVMC atópase xestionado polo organismo competente en materia de xestión de montes mediante un consorcio, que regula os aproveitamentos forestais nesta masa. A existencia deste consorcio constituíu un reto á hora de poñer en marcha as actuacións selvícolas incluídas no proxecto, xa que foi necesario celebrar reunións adicionais e xerar documentos específicos para a preparación dos informes técnicos e as autorizacións legais no marco do consorcio. Non obstante, a elevada experiencia que IBADER e TRAGSA posúen na elaboración deste tipo de documentos, posibilitou que lonxe de ser un escollo á hora de implementalo, resultou ser un valor engadido ao proxecto, xa que xerou unha importante sinerxía compatibilizando as vellas figuras contractuais (como o consorcio, que data de 1955) coa execución de actuais proxectos de conservación dos recursos naturais (como o proxecto LIFE BACCATA).

O desenvolvemento dos traballos selvícolas de eliminación dunha antiga plantación monoespecífica de *Pinus sylvestris* de 15 ha no MVMC de Riocereixa (Pedrafita do Cebreiro, Lugo) prolongouse dende setembro de 2018 ata maio de 2019, cando finalizou todo o proceso. A elevada vulnerabilidade da zona Natura 2000 (ZEC Os Ancares - O Courel ES1120001) onde se desenvolven os traballos, a escarpada orografía, e as difíciles condicións climáticas (nevadas cunha recorrencia sempre inferior a 3 semanas dende outubro de 2018 ata abril de 2019), motivaron este atraso. Por todo iso, unha vez se dispoñía das pertinentes autorizacións, realizáronse diversas visitas co equipo encargado da curta do piñeiral, previamente ao comezo das actuacións, para clarificar métodos e estratexias de actuación, formas de evitar impactos, e planificar correctamente o desenvolvemento dos traballos.

Unha vez clarificado, comezouse co apeo manual, empregando para iso operarios equipados con motoserra e os equipos de protección individual necesarios para a súa seguridade. O apeo realizouse buscando sempre as vías de derrubamento que respecten ao máximo o rexenerado natural de especies características do hábitat 9580* (*Sorbus aucuparia*, *Betula pubescens*, etc.), xa que servirán como primeiro avance para o restablecemento dun dosel de vexetación característico do tipo de hábitat, complementario coa restauración que se realizará con posterioridade.



Newsletter N. 4

Xullo 2019



Tras a operación de apeo, procedeuse á apertura dunha serie de vías de saca en número e traxectoria sen causar impacto sobre os compoñentes naturais (solo, xea, surxencias, especies, etc.). A apertura destas vías permite o torado da madeira no monte, e polo tanto a retirada desta de forma segura e sen afectar o rexenerado natural. Unha vez finalizados o torado e o desembosque, as vías de saca son pechadas e restauradas.

O torado realizouse cunha procesadora, que aproveitou as vías de saca para transitar polo monte seguindo curvas de nivel (horizontalmente) e procesar os fustes apeados a ambos os dous lados en toradas de 2,15 metros de lonxitude, deixando a madeira torada en pequenas pilas a pé de vía de saca. As árbores apeadas ás cales non chegou o brazo da procesadora, foron cableadas ata as proximidades da vía de saca con axuda dun pequeno tractor e dous operarios, de modo que toda a madeira apeada foi torada pola procesadora.

Newsletter N. 4

Xullo 2019



3. Resultados da caracterización dos "Bosques mediterráneos de Taxus baccata (9580*)" de la Cordilleira Cantábrica en Galicia

08 xullo 2019

O proxecto LIFE BACCATA está cofinanciado pola Comisión Europea no marco da **Convocatoria LIFE** e desenvólvese entre 2016 e 2020 en quince lugares da Rede Natura 2000 da Cordilleira Cantábrica e pertencentes a Galicia, Castilla y León, e Euskadi. Participa como coordinador do proxecto o **IBADER** da **Universidad de Santiago de Compostela** e como socios a **Junta de Castilla y León**, **Cesefor**, **Fundación Hazi** y **Grupo TRAGSA**.

A caracterización do Hábitat 9580 * "Bosques Mediterráneos de Taxus Baccata" en Galicia realizouse dende a perspectiva dos obxectivos do **proxecto LIFE BACCATA**. O estudo realiza unha caracterización e diagnose do hábitat, co fin de desenvolver a planificación técnica das accións concretas de conservación, valorar a situación ex-ante do hábitat 9580*, realizar unha valoración etnocultural dos teixadais e establecer a metodoloxía de avaliación das repercusións do proxecto. Dispoñer dun estudio como este permite revisar os criterios na interpretación do hábitat 9580* e elaborar unha actualización da cartografía do hábitat 9580* que posibilita a corrección dos erros existentes nos Formularios normalizados de Datos (SDF) dos espazos Natura 2000 do proxecto. Dispoñer dunha cartografía máis precisa facilitará unha análise axeitada do seu estado de conservación.

Os obxectivos deste estudio foron:

Axudar a clarificar a interpretación do hábitat 9580*.
Obter información para a valoración local do hábitat 9580*.
Reducir o grao de incerteza á hora de desenvolver a planificación técnica das accións de conservación.
Definir a metodoloxía para o seguimento das repercusións do proxecto sobre o hábitat.

Newsletter N. 4

Xullo 2019




O estudio iniciouse cunha revisión bibliográfica para clarificar a distribución do tipo de hábitat no territorio. Esta revisión permitiu constatar que as interpretacións realizadas a nivel nacional posúen elevadas carencias, mentres que o **Manual de Hábitats de Galicia** adopta as definicións do **Manual de Interpretación de Hábitats da UE**, citando a presenza do devandito tipo de hábitat en territorios galegos, tanto na rexión mediterránea coma na atlántica. De acordo á recomendación contida no parágrafo final da definición do hábitat 9580* no **Manual de Interpretación de Hábitats da UE**, e por coherencia bioxeográfica co que alí se expón en relación cos teixadais portugueses, para os que se indica a súa pertenza a este tipo de hábitat, os teixadais existentes no resto da rexión Atlántica da Península Ibérica, e polo tanto os galegos, deben incluírse nesta categoría. Unha das principais directrices do **Manual de Interpretación de Hábitats da UE** indica que o feito de que moitos dos tipos de hábitats do Anexo I estean cualificados por termos bioxeográficos, o que significa que teñen a súa aparición principal nunha rexión bioxeográfica determinada, non exclúe a posibilidade de atopar o mesmo tipo de hábitat noutras rexións bioxeográficas, xa que estas presenzas a miúdo illadas teñen un grande valor científico e de conservación, particularmente en aquelas áreas onde os tipos de hábitats son moi fragmentarios e influenciados polas actividades humanas.

Con respecto á información contida nos SDF de Galicia, a aprobación do **Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia** mediante o **Decreto 37/2014** trouxo consigo a disposición dunha cartografía de maior precisión e a actualización dos devanditos SDF, de forma que a partir do ano 2016 estes incorporan unha información congruente co **Manual de Hábitats de Galicia**.

Con respecto á caracterización do hábitat 9580* en Galicia, cabe destacar que son formacións que ocupan pequenas superficies, e que se atopan inmersas en masas arboradas de maior extensión. Dende o punto de vista altitudinal, estes bosques dominados por *Taxus baccata* distribúense ao longo dun amplo intervalo (**630–1.450 m**), se ben a maior parte deles son de distribución fundamentalmente supratemperada superior, é dicir, sitúanse por enriba dos 1.200 m de altitude. A miúdo localízanse en abas de forte inclinación e orientación con compoñente N. En canto á litoloxía, predominan as unidades de rochas metamórficas silíceas, aínda que tamén están representadas as rochas carbonatadas (calías e dolomías). Os solo caracterízanse, case sen excepción, pola súa elevada pedregosidade e abundancia de afloramentos rochosos, podéndose incluír nas tipoloxías de leptosoles e umbrisoles da clasificación de chans da FAO.

Contabilizáronse máis de **90 especies de plantas vasculares nos teixadais galegos**, oscilando o número de especies por inventario entre 10 e 41 taxóns. A diversidade da flora presente no sotobosque é inversamente proporcional á cobertura das especies perennifolias alcanzadas no dosel arbóreo (teixo, acivro, loureiro), ou ao grao de complexidade estrutural. Os tipos biolóxicos predominantes son hemicriptófitos (38,2%), fanerófitos (23,5%) e xeófitos (27,9%), sendo claramente minoritarios caméfitos (5,9%) e terófitos (4,4%). Cabe destacar a práctica ausencia de especies invasoras nos teixadais galegos, constando soamente a presenza dalgunha especie alóctona como *Prunus laurocerasus* nas formacións situadas nas proximidades dos núcleos de poboación.



Newsletter N. 4

Xullo 2019



Valor intrínseco:

Ademais do seu valor intrínseco como representacións extremas occidentais no contexto europeo do tipo de hábitat prioritario " 9580 * Bosques mediterráneos de *Taxus baccata* ", incluído no Anexo I da **DC 92/43/CEE ("Directiva Hábitats")**, os teixadaís galegos posúen un valor engadido de acordo á biodiversidade que atesouran. No plano botánico, albergan poboacións de plantas vasculares protexidas por disposicións comunitarias e autonómicas (*Narcissus pseudonarcissus nobilis*, *Ruscus aculeatus*). Con respecto á fauna, a presenza destes teixadaís atópase vinculada á conservación de masas arboradas de excepcional valor para o mantemento de numerosas especies de vertebrados protexidas ou ameazadas de desaparición no extremo occidental das montañas cantábricas.

En todo caso, de acordo á definición de estado de conservación favorable no **artigo 1 da DC 92/43/CEE**, é posible establecer algúns indicadores para os teixadaís en Galicia. A dominancia ou codominancia de teixos no dosel arbóreo é un indicador da estrutura e composición da formación arborada, e por extensión do tipo de hábitat 9580*. Por outra parte, a presenza no sotobosque de especies pouco tolerantes ao pisoteo e ao ramoneo, así como a existencia do propio rexenerado de *Taxus baccata*, indican un bó estado de conservación do tipo de hábitat. Neste sentido, a presenza de aves e micromamíferos fruxívoros no ámbito deste tipo de hábitat, favorece a dispersión e xerminación das sementes de teixo, o que contribúe a manter de forma natural o rexenerado de *Taxus baccata* nos teixadaís..

A pesar de que a maioría dos teixadaís galegos se atopan relativamente afastados de lugares habitados e en lugares de difícil acceso, estas formacións non escaparon ao seu aproveitamento dende épocas remotas e ata momentos recentes. Diso dan fe os abundantes tocóns e evidencias de curtas e demoucas observables nestes bosques. Os usos que as poboacións locais realizaron nas zonas ocupadas polos teixadaís, ou o aproveitamento que fixeron das especies que os caracterizan (fundamentalmente de teixo, *Taxus baccata*) mostran o **carácter ancestral destas formacións**, e como foron testemuñas da adaptación do home ás adversidades do territorio. Non obstante, os usos tradicionais que se viñeron realizando nas áreas nas que se conserva o hábitat 9580* Bosques mediterráneos de *Taxus baccata* non parecen incidir de forma especial sobre os teixadaís. Probablemente iso é debido a que as formacións de teixo se localizan en áreas remotas, afastadas relativamente dos núcleos rurais e cun difícil acceso.

Newsletter N. 4

Xullo 2019



O teixo (*Taxus baccata*) é unha especie arbórea respectada pola poboación da área oriental de Galicia, fundamentalmente debido á súa elevada lonxevidade e a súa toxicidade para a especie humana. Por iso, un número importante de teixos foi usado como ornamento en lugares relevantes na vida cotiá das comunidades rurais, presidindo ámbitos relixiosos (igrexas, cemiterios), importantes xardíns (en casas e pazos) e tamén en lugares de uso público (prazas, fontes, etc.). Isto é común a outras áreas ibéricas e europeas. Cabe destacar un dos usos tradicionais máis específicos que se coñece en Galicia, e é o emprego do teixo como cortaventos no NW da provincia de Lugo, usado como cortaventos para protexer as casas e as airas nas que se confeccionaban os palleiros..

De forma recente é posible citar outras **presións e ameazas**, como a excesiva presenza de visitantes (por motivo turístico, fundamentalmente) que motivou a presenza de signos de vandalismo en ramas de exemplares de *Taxus baccata* de grandes dimensións. O atractivo que xeran estes lonxeiros individuos de teixo provoca que en ocasións os visitantes se suban ás súas ramas para realizar instantáneas que inmortalicen a visita, provocando o arranque e descalde de ramas de grandes dimensións. Noutros casos chegouse máis alá, realizando talles e inscricións nas ramas, co consecuente descortizado e produción de feridas en xilema e floema.

En todo caso, a excesiva afluencia de visitantes a algúns dos teixadais motiva que as pisadas provoquen a formación de numerosos sendeiros limitando a cobertura das especies características do sotobosque, así como xerando elevados niveis de ruído cando se trata de grupos numerosos, co consecuente efecto disuasorio para a fauna silvestre.

O atractivo dos teixadais dende o punto de vista científico tamén atraeu unha cantidade importante de estudos sobre as súas características botánicas, dasométricas e ecolóxicas. Non obstante, o que a priori debiera ser algo positivo, nalgúns ocasións implicaron consecuencias negativas, como por exemplo o abandono de material científico (recipientes, bolsas, etc.) non biodegradable no interior dos teixadais.

Noutros casos pode citarse a presenza de borde de infraestruturas viarias e eléctricas, que poden levar consigo consigo a xeración de dano para os pés de teixo que conforman o estrato arbóreo, así como a presenza de novos focos de contaminación debido a verteduras incontroladas dende as mencionadas infraestruturas.

Newsletter N. 4

Xullo 2019



Ameazas:

Non obstante, na actualidade unha das principais ameazas para estes bosques son os severos incendios que durante a época estival arrasas grandes superficies na montaña oriental galega, e que en ocasións causan danos significativos en grandes superficies de tipos de hábitat de interese comunitario incluídos no **Anexo I da DC 92/43/CEE**. De feito, o proxecto LIFE BACCATA recoñéceos como unha das ameazas máis severas para estes bosques, proponendo o desenvolvemento da acción C5 para mitigar o risco de que un incendio alcance estas formacións e cause unha afección significativa sobre o seu estado de conservación.



Como consecuencia de todo este estudio de diagnóstico de presións e ameazas, é posible emitir unha serie de propostas de actuación:

Non realizar aquelas prácticas selvícolas que provoquen unha diminución da superficie ocupada polo hábitat 9580*, afectando negativamente o estado de conservación do tipo de hábitat, de acordo ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia **(Decreto 37/2014)**

Establecemento de medidas de conservación e recuperación do hábitat 9580* encamiñadas especialmente a aumentar a superficie ocupada por este, susceptibles de xerar un estado de conservación favorable do tipo de hábitat.

Regular a afluencia turística de visitantes aos teixadais naqueles casos en que os efectos dos visitantes causan unha afección significativa sobre o estado de conservación do tipo de hábitat, establecendo as cotas máximas, épocas e itinerarios de acordo á estimación da capacidade de carga destas formacións arboradas, de acordo ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia **(Decreto 37/2014)**.

Realización de actividades científicas en teixadais debidamente autorizadas polo organismo competente en materia de conservación da natureza, establecendo prazos, itinerarios, visitas, etc., e por suposto prohibindo o abandono de material científico e obrigando á recollida deste, ao amparo do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia **(Decreto 37/2014)**.

Establecemento de zonas de control de herbivoría dentro dos teixadais (9580*) naqueles casos en que esta cause unha deterioración na estrutura e composición florística do hábitat 9580*, para contribuír á recuperación da cobertura das especies características do sotobosque, e en consecuencia a estrutura e composición do tipo de hábitat 9580*.

Non realizar actuacións selvícolas sobre o dosel arbóreo dos teixadais que poden levar asociado un incremento da abundancia ou crecemento rápido de especies arboradas alleas ao tipo de hábitat 9580*, de forma que as devanditas actuacións se consideran contrarias para o mantemento dun estado de conservación favorable de acordo ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia **(Decreto 37/2014)**.

Posta en marcha de actuacións que contribúan á minimización do risco de ocorrencia de incendios forestais que poidan causar unha afección significativa sobre o estado de conservación do tipo de hábitat 9580*, de cara a conseguir unha mellora das súas perspectivas futuras e en consecuencia do seu estado de conservación favorable.

4. Finalización dos traballos de recollida, almacenamento e cultivo de especies características do hábitat 9580* en Galicia

08 xullo 2019

O proxecto LIFE BACCATA persegue a mellora do estado de conservación do hábitat 9580* en 15 ZEC da Cordilleira Cantábrica, actuando sobre os indicadores de estado de conservación do hábitat: área de ocupación, estrutura e funcións e perspectivas futuras. En **Galicia**, o proxecto actuará sobre 15 ha situadas no **Monte Veciñal en Man Común (MVMC)** de Riocereixa (Pedrafita do Cebreiro, Lugo), dentro da ZEC Os Ancares - O Courel (ES1120001), na superficie da cal se realizará a eliminación dun piñeiral de repoboación (Acción C2) e restaurarase o tipo de hábitat 9580* mediante unha plantación forestal coas súas especies características (**Acción C3**), de forma que se eliminarán afeccións sobre o tipo de hábitat e se aumentará a superficie ocupada por este, así como se mellorará a súa estrutura, composición e conectividade, redundando todo iso nunha mellora do seu estado de conservación.

Newsletter N. 4

Xullo 2019



Nunha primeira fase procedeuse a recoller o MFR das especies características do hábitat 9580* de acordo ao **Manual de Hábitats de Galicia** (*Taxus baccata*, *Quercus petraea*, *Fagus sylvatica*, *Betula pubescens*, *Sorbus aucuparia*, *Ilex aquifolium*, *Corylus avellana*). A cantidade de planta necesaria estimouse en función da superficie total a repoboar, e as proporcións das especies dominantes e acompañantes deste tipo de hábitat segundo o **Manual de Hábitats de Galicia**. A programación temporal dos traballos de recollida realizouse fóra dos períodos críticos para as especies de interese para a conservación que teñan o seu hábitat nas áreas de recollida do MFR.

Unha vez a planta recollida na primeira fase chega ao viveiro, comezan os traballos de almacenamento e preparación da planta para o seu cultivo e engorde. No caso das especies procedentes de semente o seu cultivo foi relativamente sinxelo, mediante a súa sementeira en bandexas para a súa xerminación ordenada e controlada (con malla de sombreo ou invernadoiro, substrato de vermiculita e perlita, rego e humidade controlados, etc.), coa finalidade de que poidan crecer sen dificultade ata que a planta estea lista para ser destinada ao repoboación. No caso da planta procedente de varetas, estas foron preparadas, cortadas e tratadas para a produción de planta mediante estaquilla.



Todo este proceso, que transcorreu **dende o ano 2017 ata a primavera de 2019**, permitiu a produción de planta forestal suficiente en calidade e cantidade para asegurar o repoboación das 15 ha do MVMC de Riocereixa obxecto do proxecto. As cifras de produción por especie de planta dispoñible de LIFE BACCATA na súa localidade de Galicia son as seguintes:

Taxus baccata	> 4.000 plantas
Betula pubescens	> 3.000 plantas
Fagus sylvatica	> 2.000 plantas
Quercus petraea	> 2.000 plantas
Sorbus aucuparia	> 1.000 plantas
Ilex aquifolium	> 1.000 plantas
Corylus avellana	> 200 plantas

A planta producida é apta para o seu emprego en repoboación, xa que se atopa en envase forestal, posúe unha altura e diámetro suficientes, así como o desenvolvemento da súa raíz é considerable, sen grandes enrolamentos xa que o volume do envase foi o suficientemente espazoso para permitir o crecemento radicular sen problemas.



Newsletter N. 4

Xullo 2019



5. Avanzan as obras de mellora do hábitat dos teixadais cantábricos en Burgos

02 xullo 2019

A provincia de Burgos, polas súas condicións biofísicas, bioxeográficas e ecolóxicas, presenta un gran potencial para o hábitat do teixo (HIC 9580 *) e unha proba diso é a grande abundancia de teixadais fóra e dentro das **Zonas de Especial Conservación (ZEC)**.

A matriz que sustenta estes teixadais é moi ampla, desenvolvéndose sobre faiais, carballeiras, piñeirais albares e resineiros, reboleiras, aciñeirais, etc. Todos eles enriquecidos cun variado elenco de especies que participan de diferentes litoloxías e con influencias climáticas que van dende os réximes máis atlánticos aos submediterráneos que achega o canón do Ebro.

O grupo de teixadais encravado no extremo nordés da provincia preséntase sobre relevos suavizados a unha altitude significativamente menor ao resto de teixadais cantábricos de Castilla y León (dende os 676 ata os 439 m.s.n.m.). Nesta zona, en concreto na ZEC "Bosques del Valle de Mena" (ES4120049), caracterizáronse no marco do proxecto LIFE BACCATA, tres rodais. Dentro destes teixadais decidiuse intervir na rodal denominada "Sarón", no pobo de Arceo.

O teixadal de Sarón se atopa baixo un dosel de faia moi denso, sendo o estrato inferior a masa de teixo. A espesura do faial fixo que en varias zonas o teixo chegue a afogarse e morrer, polo que a administración rexional en materia de medio ambiente, para ofrecer un maior espazo a certos teixos, realizou un anelamento en faias que están enriba dos devanditos pés.



Newsletter N. 4
Xullo 2019



Outra causa pola que non prolifera o teixo, é a presión que os herbívoros exercen sobre o seu rexenerado. Hoxe en día esta presión non é tan evidente como hai anos, xa que no 2007 se instalou un cerramento protexendo o teixadal do gando doméstico (1,22 m de altura aprox.), dando bos resultados. Aínda así, ultimamente séguese vendo os pequenos teixos comestos por herbívoros, principalmente corzos e cervos. E é que o cerramento é efectivo para o gando pero non para estes herbívoros silvestres, que poden saltalo con certa facilidade (sobre todo o cervo). Ademais hai zonas onde o cerramento está inclinado debido á reptación do terreo, ou caeu por derrubamentos de madeiros, facilitándolles o paso.

Co obxecto de protexer o rexenerado de teixo fronte aos herbívoros silvestres, dentro do proxecto LIFE BACCATA propúxose substituír o actual cerramento por un cerramento cinxético con estacas de 2,5 m de altura e malla de dous metros.

Para non xerar residuos e, aproveitando a malla actual que está ben asentada sobre o terreo, o novo cerramento intercalouse entre o actual, reforzando os actuais postes e instalando os postes do novo cerramento entre os primeiros. En canto á malla completárase a actual ata os dous metros de altura obxectivo. Este novo cerramento evitará o paso dos cervos, grandes ramoneadores do rexenerado de teixo.

A mediados do mes de xuño iniciáronse os traballos de instalación do cerramento e prevese estean rematados a principios do mes de xullo.



6. Visita anual do equipo de seguimento de NEEMO

20 maio 2019

Os días 20 e 21 de maio levouse a cabo a visita anual de seguimento do equipo de monitoreo do proxecto LIFE BACCATA, NEEMO, en Pagoeta-Aralar, Guipuzkoa. A reunión serviu para repasar as accións administrativas, económicas e organizativas do proxecto LIFE BACCATA, e inclúe unha visita técnica ás actuacións que se están a levar a cabo en Pagoeta.

Newsletter N. 4

Xullo 2019





Newsletter N. 4

Xullo 2019



www.life-baccata.eu



SOCIOS

LIFE15 NAT/ES/000790



ADMINISTRACIONES COLABORADORAS

